

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Planeamento e Xestión do Solo

Anuncio da aprobación do cambio de uso na parcela da estrada dos Fortes 14, A Coruña (expediente 631/2019/251).

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o 5 de decembro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primeiro.–Aprobar o cambio de uso na parcela municipal localizada na estrada dos Fortes n.º 14, con referencia catastral 5725706NJ4052N0001EO, outorgada en concesión demanial gratuíta á Fundación ADCOR, do uso administrativo de titularidade pública “AD (Pb)” previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, ao uso asistencial e sanitario de titularidade pública “AS+SN (Pb)”.

Segundo.–Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.–Remitir este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para os efectos do seu coñecemento”.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O acordo de aprobación do cambio de uso publicouse no Diario Oficial de Galicia número 31 do 14 de febreiro de 2020.

Para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia o cambio de uso aprobado tivo entrada na Consellería de medio ambiente, Territorio e Vivenda o 23 de decembro de 2019.

A Coruña, 9 de marzo de 2020.

A alcaldesa

PD. (Decreto 3847/2019, do 27.06.2019)

María Hernández García

Directora Área de Urbanismo

2020/2011